



2º BAC – MATERIAS OPTATIVAS

FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA NA ESO E NO BACHARELATO

Durante os dous anos de bacharelato, o departamento de francés prepara ao seu alumnado para a realización dos exames DELF.

Que é o **DELF Escolar** ?

Os diplomas DELF (Diplôme d'Études en Langue Française) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. Todos aqueles alumnos e alumnas de centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de Francés como primeira ou segunda lingua estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria ou no Bacharelato poden presentarse ás probas para a obtención deste diploma. O diploma DELF Escolar ten a mesma validez oficial que o DELF para adultos. As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado. No ámbito académico, as certificacións DELF favorecen a mobilidade estudiantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e facilita presentarse para obter unha bolsa Erasmus. Os niveis ofertados no DELF Escolar corresponden aos niveis A2, B1 e B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). O IES de Beade ven presentando aos seus alumnos desde o curso 2016/2017 cun éxito salientable.

Ademais, na fase voluntaria da **ABAU**, o francés segunda lingua estranxeira ten a ponderación máxima (**0.2 puntos**) no acceso a 17 graos de humanidades e a 27 graos de ciencias sociais e xurídicas.

PSICOLOXÍA

A materia de Psicoloxía, á que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato, proporciona coñecementos fundamentais para o mundo actual. Por unha banda serve de orientación da propia conduta, na medida en que axuda a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, serve de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde ou de traballos que requiran e teñan as relacións persoais, laborais ou sociais como finalidade. Os temas que configuran a materia se centran no coñecemento das distintas *Escolas da Psicoloxía, os Fundamentos da Conduta, a Percepción, a Memoria, a Intelixencia, e as Teorías sobre a Personalidade Individual e Social.*



**IES
de
Beade**

Camiño do Outeiro, 10
36312 Beade - VIGO
Telf. 886 111 030 - Fax 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO

A finalidade desta materia é proporcionar ao alumnado unha visión básica e, sobre todo, práctica da administración da empresa, que lle permita entender como funcionan as organizacións empresariais e como se relacionan con clientes, provedores, institucións financeiras, administracións públicas e outros axentes sociais.

Trátase de iniciar ao alumnado no coñecemento das principais técnicas e procedementos que se empregan no campo administrativo. Especial interese ten a técnica contable e o manexo de documentación relativa ás operacións comerciais, financeiras e laborais, impostos, etc. Ao mesmo tempo estes contidos cumpren unha función propedéutica de estudos superiores, tanto universitarios como de formación profesional.

Realizaranse experiencias de proxectos de creación de empresas nos que deberán aplicar o conxunto dos contidos da materia.

TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I – TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxía e Enxeñería II trata de lograr estes fins abordando, ao longo do dous curso , un amplo conxunto de temas: propiedades dos materiais, máquinas térmicas (motor de explosión, máquina frigorífica e bomba de calor), máquinas eléctricas, pneumática, electrónica dixital, programación de robots e sistemas automáticos de control.

Especialmente indicada para alumnado que desexe cursar estudos superiores técnicos (ciclo superior ou enxeñería)

Para cursar esta materia é preciso ter cursado en primeiro Tecnoloxía e Enxeñería I.

MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

A materia é un complemento ás Matemáticas tanto da Modalidade Científica como as de Ciencias Sociais ou Xerais. Por un lado, profundízase nos contidos de Estatística e Probabilidade. Por outro, explícanse métodos numéricos, susceptibles de ser resoltos con ferramentas informáticas, para a resolución de ecuacións e sistemas e o cálculo de áreas baixo funcións ou



curvas. Por último, trátase o tema do cálculo de erros e da interpolación de funcións a partir de datos experimentais, de moita utilidade nas ramas de ciencias, sanitarias ou sociais, cando se pretende extraer conclusións a partir de experimentacións.

DEBUXO ARTÍSTICO I – DEBUXO ARTÍSTICO II

O debuxo é unha linguaxe universal que supón unha actividade intelectual en tanto que é un medio de análise e de coñecemento. Está presente en múltiples ámbitos disciplinares, tales como o deseño, a arquitectura, a ciencia, a literatura ou a arte. É a primeira ligazón de unión entre a idea e a súa representación gráfica, o que propicia que sexa a orixe de múltiples actividades creadoras e que resulte imprescindible no desenvolvemento de todas as demais artes, xa que é un paso previo na resolución dos proxectos e propostas artísticas. Isto fai que os tipos de debuxo e os seus ámbitos de aplicación sexan extensos e variados, con áreas de coñecemento moi distintas e con necesidades formais e técnicas igualmente diversas.

Con todo, o debuxo tamén é un instrumento de expresión e de comunicación, xa que, ao utilizalo, se proxecta unha visión do mundo na que se combinan o estudo atento e analítico da realidade e a reinvenção que dela fai a imaxinación. O debuxo contén a esencia do ser humano, é representativo do seu autor ou autora e, en consecuencia, ten un valor autónomo como obra de arte.

Tendo en conta todos estes aspectos, a materia de Debuxo Artístico presenta unha serie de obxectivos que se traballan interrelacionados e de forma práctica, buscando asegurar a adquisición de destrezas e técnicas necesarias para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, que van a contribuir á formación do alumando no desenvolvemento da sensibilidade artística e do gozo estético, da creatividade e da expresividade, sen esquecer o progreso na capacidade de observación, de análise e de reflexión sobre a realidade. Entre ámbolos dous cursos farase un percorrido polas diferentes técnicas gráfico-plásticas, dende as de corte máis tradicional ata as máis alternativas e novidosas. Traballaranse, entre outros, os fundamentos da percepción visual, o equilibrio compositivo, a sintaxe visual, a perspectiva, a luz e o volume, o claroscuro, as aplicacións da cor no debuxo, a abstracción, a memoria visual, o corpo humano como soporte e como instrumento da expresión artística...

Para cursar esta materia é preciso ter cursado en primeiro Debuxo Artístico I.

DEBUXO TÉCNICO I – DEBUXO TÉCNICO II



**IES
de
Beade**

Camiño do Outeiro, 10
36312 Beade - VIGO
Telf. 886 111 030 - Fax 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/

O debuxo técnico constitúe un medio de expresión e comunicación convencional para calquera proxecto cuxo fin sexa a creación e a fabricación dun produto, ao tempo que dota ao alumnado das ferramentas tanto para se comunicar de xeito gráfico e obxectivo coma para expresarse e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garanten a súa interpretación fiable e precisa. Contribúe claramente ao desenvolvemento da visión espacial do alumnado ao representar o espazo tridimensional sobre o plano e é necesario para moitas carreiras universitarias de corte técnico e tamén creativo, coma determinadas enxeñaría, arquitectura, deseño, arte... Tamén é preciso o seu coñecemento en diversos ciclos de Formación Profesional.

A materia desenvolve un conxunto de obxectivos que permitirán ao alumnado apreciar e analizar obras de arquitectura e enxeñaría desde o punto de vista das súas estruturas e dos seu elementos técnicos; resolver problemas gráfico-matemáticos aplicando razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos que poñan en práctica os fundamentos da xeometría plana; desenvolver a visión espacial para recrear a realidade tridimensional por medio do sistema de representación máis apropiado á finalidade da comunicación gráfica; formalizar deseños e presentar proxectos técnicos colaborativos seguindo a normativa aplicable, así coma investigar e experimentar con programas específicos de deseño asistido por ordenador. Ao longo dos dous cursos de bacharelato, os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso, o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores e, gradualmente, no segundo curso vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Para cursar esta materia é preciso ter cursado en primeiro Debuxo Técnico I.